


Sumario | nº8 – Xuño 2021



OPINIÓN

**Colegas
de profesión**



O idioma da tese

Apróbase co Plan de Investigación, e no caso de querer modificalo, requirirase a aprobación dun novo Plan pola CAPD



EDIUS **NOVAS**

**Éxito de asistentes e poñentes
no VIII Encontro da Mocidade
Investigadora**



EDIUS **NOVAS**

**Bolsas de mobilidade
do Programa
Erasmus+ KA107**



ENTREVISTA

**MARÍA CONCEPCIÓN
LÓPEZ-FERNÁNDEZ**
Avaliación do Profesorado. ANECA

**«As persoas que sexan avaliadas
positivamente poderán concursar ás
prazas de profesorado que oferten as
universidades de toda España»**



 **catro
cousas**

**Como se valoran
o doutoramento e a tese na
universidade, na sociedade
e nas empresas?**





OPINIÓN

Colegas de profesión

Segundo o artigo 26 do regulamento actual dos estudos de doutoramento da USC: “A directora ou director de tese será a máxima responsable da planificación, coherencia e idoneidade das actividades de formación e investigación da doutoranda ou doutorando, así como da orixinalidade, do impacto e da novidade da tese de doutoramento no seu campo de coñecemento.”

Esta definición, moi técnica e moi acaída, non reflicte todo o que supón a relación entre a/o directora de tese e a/o doutoranda/o. Estou de acordo en que quen dirixe ten o labor de guía do estudantado durante a etapa de tese, xa que a experiencia é un grao, pero, ao mesmo tempo, a/o directora ten que ser próximo, xa que van pasar moito tempo xuntos, teñen que ter complicidade, xa que esta relación vai dar lugar a moitas discusións e a unha aprendizaxe mutua.

Os conflitos desta relación dan lugar a avances, xa que, na miña opinión, un dos obxectivos da directora/director de tese é que a/o estudante de doutoramento sexa mellor investigador que un mesmo, queremos que sexan independentes, non clons dun mesmo.

A/o doutoranda/o pode aportar novas ideas debido á súa frescura e a non estar influído por ideas preconcebidas, e non ten que ter

medo a defender as súas ideas con argumentos, xa que o coñecemento avanza debido a estas novas ideas.

Na miña experiencia son moitas horas xuntos, de traballo de campo, de laboratorio, ou diante dun ordenador, ou dun café, o que fai que a relación sexa moi próxima, moi diferente da que se poda ter cunha/cun estudante de grao ou de mestrado, non é unha relación entre xefe e subordinado, senón entre colegas de profesión: a investigación.

E, finalmente, moitas veces esta relación dá lugar a unha amizade que perdura no tempo unha vez rematado o período da tese.

Para rematar, grazas Xan e Tucho, meus queridos directores.

A/o doutoranda/o pode aportar novas ideas debido á súa frescura e a non estar influído por ideas preconcebidas, e non ten que ter medo a defender as súas ideas con argumentos, xa que o coñecemento avanza debido a estas novas ideas.

Jorge Dafonte Dafonte
Comisión Executiva
da EDIUS

jorge.dafonte@usc.es

[↩ Ir ao sumario](#)

Benvida ao **Comité de Dirección da EDIUS**



O pasado mes de maio coñecéronse os nomes dos/as representantes para formar parte do Comité de Dirección da Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS). As votacións fixéronse o 29 de abril mediante participación telemática. A USC tamén elixiu ese mesmo día aos representantes do alumnado no Claustro Universitario, así como os de todos os sectores nas Xuntas de Centro e nos Consellos de Departamento.

Aproveitando o seu recente nomeamento, quixemos darlle a benvida a todos/as os/as representantes do Comité de Dirección da EDIUS pedíndolles que fixesen unha pequena valoración sobre cal é, baixo o seu punto de vista, a importancia da formación de doutoramento e da elaboración dunha tese.



✿ **SECTOR: ESTUDANTADO MATRICULADO** ✿

LAILA AL-SOUFI NOVO



Sección: Ciencias da Saúde | Agrupación electoral: Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

Penso que facer unha tese de doutoramento pode ser moi positivo para comezar a túa carreira investigadora xa que che permite afondar nunha cuestión que é do teu interese así como acadar unhas capacidades de análise e unha serie de ferramentas necesarias na investigación. Ademais, o colectivo predoutoral, co noso traballo, contribuímos a construír coñecemento para toda a sociedade. Isto, aínda que pode ser moi gratificante a nivel persoal, non se ve recompensado, pois as condicións laborais son cada vez máis precarias.

ALICIA LÓPEZ BRUZOS

Sección: Ciencias da Saúde | Agrupación electoral: Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

Na miña opinión, facer unha tese de doutoramento con contrato supón unha oportunidade de seguir estudando e desenvolvendo o teu propio potencial intelectual á vez que se desfruta dun primeiro traballo cualificado e con crédito social porque investigas para mellorar a sociedade na que vivimos.



ISMAEL HERNÁNDEZ NÚÑEZ



Sección: Ciencias da Saúde | Agrupación electoral: Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

A tese de doutoramento forma parte das primeiras fases da carreira investigadora e, polo tanto, unha fase primordial para unha persoa que quere adicarse á investigación. Unha cousa moi importante a ter en conta é que a tese segue sendo unha etapa de formación e, por iso, aínda que ten que haber unha presión, esta debe ser até certo punto. O problema vén cando hai que loitar por unha bolsa, un contrato ou unha praza, e a competencia é moi alta. Ao final, o traballo, porque a tese é un traballo, recae no/na doutorando/a, quen a maioría das veces non ten financiamento, senón unhas condicións laborais precarias, que en moitas ocasións remata co total divorcio coa ciencia, cando *sen ciencia, non hai futuro* e *sen investigadores/as, non hai ciencia*. Dentro de todo isto, na miña propia experiencia, eu estou gozando moito desta etapa, aprendendo cada día, e coas ganas de seguir investigando no futuro, futuro que, por sorte ou por desgraza, terá que ser no estranxeiro, de novo, polas pésimas condicións laborais, de financiamento e oportunidades que ofrece actualmente o sistema.


↩ [Ir ao sumario](#)

✿ **SECTOR: ESTUDANTADO MATRICULADO** ✿

DAMIÁN DASILVA MARTÍNEZ

Sección: Ciencias da Saúde | Agrupación electoral: Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

Considero que a investigación predoutoral leva intrínseca unha serie de aprendizaxes como a xestión do tempo, a comunicación eficiente ou a capacidade de adaptación. Toda actividade complementaria que axude a desenvolver estas e outras *skills* (como a bioinformática, a creación de recursos audiovisuais, etc) son ben recibidas pola mocidade investigadora. Isto reflíctese na alta demanda dos cursos e seminarios ofertados pola EDIUS, sendo frecuente que se esgoten as prazas en cuestión de horas. A dixitalización por mor da COVID-19 axudou, neste sentido, a abranguer un maior número de persoas, mais aínda é necesario fornecer a comunidade de máis e mellores recursos. Coido que a entrada dunha chea de persoas desta etapa predoutoral no Comité de Dirección da EDIUS conducirá a unha sinerxia moi positiva para todos os representantes da comunidade universitaria.



VALENTÍN ESTÉVEZ SOUTO




Sección: Ciencias da Saúde | Agrupación electoral: Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

A razón de facer unha tese de doutoramento non é outra que o descoñecemento. Rematamos unha formación universitaria longa e, para certas persoas, isto non é suficiente. Unha tese de doutoramento é perseguir o coñecemento e seguir aprendendo; formarse e poñer en práctica o espírito crítico indo máis alá. Tamén é dar resposta a preguntas que ninguén pode responder, a fin de entender a complexidade do mundo que nos rodea. En poucas palabras: a busca de coñecemento.

LUCÍA LAGE PITA

Sección: Ciencias da Saúde | Agrupación electoral: Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

BELÉN RODRÍGUEZ SOTO



Sección: Ciencias Sociais e Xurídicas | Agrupación electoral: Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

A formación durante o doutoramento, que culmina coa defensa dunha tese doutoral, debora dotar á persoa investigadora das capacidades e habilidades necesarias para levar a cabo un estudo orixinal e en profundidade sobre un tema situado na fronteira de coñecemento da súa área de *expertise*. Dende este punto de vista, a importancia destes estudos a nivel social debora ser máxima para permitírnos avanzar nas evidencias que apoiem o camiño a transitar cara ó que queremos ser.

↩ [Ir ao sumario](#)

✿ SECTOR: ESTUDANTADO MATRICULADO ✿

FERNANDO DE LA TORRE CUEVAS


Representante estudiantado | [Sección:](#) Ciencias Sociais e Xurídicas | [Agrupación electoral:](#) Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

Os estudos de doutoramento son de vital importancia por dúas razóns fundamentais. En primeiro lugar, as teses de doutoramento constitúen traballos de produción teórica que enriquecen o coñecemento acumulado nas mesmas con independencia de se o obxecto de tales investigacións poden ser rendabilizadas polos mercados no curto prazo. Ademais, as teses e os estudos de doutoramento representan unha idea de gran relevancia democrática: que quen demostre a súa capacidade para aportar á ciencia acceda á posibilidade de facelo desde a institución universitaria con independencia da súa orixe, condición socioeconómica ou calquera outra consideración.

Durante as últimas décadas, as políticas científica e universitaria aplicadas en Galicia someteron aos estudos de doutoramento a unha ditadura da necesidade. Por unha banda, resortes de financiamento negados unicamente cara as necesidades empresariais dificultaron unha escolla libre dos temas a investigar nas teses de doutoramento. Por outra, a ausencia ou deficiente remuneración do traballo de produción teórica realizada limita sistematicamente a posibilidade das capas máis humildes da sociedade para o acceso a este nivel de estudos. Reverter esta situación é tarefa ineludible de toda persoa que crea na idea dunha Universidade Pública digna de tal nome nunha sociedade moderna e democrática.



BELTRÁN PUENTES COCIÑA



[Sección:](#) Ciencias da Saúde | [Agrupación electoral:](#) Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)


A tese de doutoramento, por unha banda, é un requisito esencial para facer carreira académica na universidade pública. Por outra, como primeiro traballo de certa consistencia que debe facer todo investigador, supón unha gran aprendizaxe non só con respecto ao contido do obxecto de estudo de cadaquén, senón tamén sobre as ferramentas propias da investigación. Ademais, facer un estudo tan amplo e durante un certo número de anos faite pasar por unha morea de situacións diferentes que dalgunha maneira te forman como profesional pero, hai que dicilo todo, á custa de moito esforzo e sacrificio persoal nunha época das nosas vidas nas que nos gustaría ter xa unha maior estabilidade laboral.

✿ **SECTOR: ESTUDANTADO MATRICULADO** ✿

ANDREI QUINTIÁ PASTRANA

Sección: Ciencias Sociais e Xurídicas | Agrupación electoral: Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

Penso que a etapa de tese é un momento chave na formación de calquera investigadora. Durante eses anos aprendemos a usar as ferramentas e técnicas máis esenciais que logo son determinantes para a investigación. Mais non deixa de ser, ao mesmo tempo, a primeira toma de contacto cun mundo moi difícil e competitivo, polo que creo que este período é tamén un momento preparatorio, no que desenvolvemos estratexias e recursos que nos permiten encarar moitas das dificultades futuras. Por iso, coido que o apoio institucional é crucial nesta fase, para acompañar os primeiros pasos e non deixar caer a ninguén polo camiño.



ANAIS QUIROGA CARRILLO



Representante estudantado | Sección: Ciencias Sociais e Xurídicas | Agrupación electoral: Ningunha

Unha tese é, probablemente, un dos proxectos máis importantes na vida de todos e todas aqueles/as que nos adentramos na carreira investigadora. Trátase de 3, 4 ou 5 anos nos que se traballa na tese e co teu grupo de investigación. Durante todo este tempo, vanse adquirindo, evidentemente, unha serie de competencias académicas. Sen embargo, son probablemente as de carácter persoal e social as que resultan máis determinantes.

Realizar un doutoramento require constancia, disciplina, esforzo e, sobre todo, moita fortaleza mental e tolerancia á frustración e ao fracaso. Ser capaz de chegar ao final e ver o teu proxecto finalizado é un logro académico e persoal e unha das maiores recompensas que podes obter ao longo da túa carreira.

Ademais, as persoas coas que realizas este percorrido acaban sendo amigos/as cos que sempre podes contar. A aprendizaxe que constrúes con eles/as e o que adquirires cos/as teus/túas directores/as de tese é, para min, o mellor que se pode obter na universidade.

✿ **SECTOR: ESTUDANTADO MATRICULADO** ✿

LAURA GARCÍA DOCAMPO

Sección: Ciencias Sociais e Xurídicas | Agrupación electoral: Ningunha

A formación de doutoramento é unha oportunidade para continuar formándose en áreas de interese e noutras posibilidades de aprendizaxe adicionais, adquirir novas experiencias participando en eventos e distintas actividades de difusión, colaborar con diferentes profesionais, compañeiros e compañeiras... xerando con todo isto coñecemento conxunto que permita contribuír a tentar aportar pequenas melloras a unha sociedade en continuo cambio. En definitiva, un desafío multidimensional que completa o desenvolvemento individual en variadas direccións.



NOELIA PÉREZ MARTÍNEZ

Sección: Artes e Humanidades | Agrupación electoral: Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

Sección: Artes e Humanidades | Agrupación electoral: Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

A formación axuda a poder realizar unha tese de calidade, que é o obxectivo. Trátase de contribuír, pouco a pouco, a un coñecemento ao que ten que acceder a cidadanía. É unha aportación individual a un esforzo colectivo.

IAGO CASTRO TÁBOAS



MIGUEL GUI SANTES ALONSO



Sección: Artes e Humanidades | Agrupación electoral: Ningunha

Os estudos de doutoramento son investigacións moi amplas de temáticas novidasas e que lle requiren ao alumnado unha dedicación elevada. Son unha parte importante da produción científica e tamén un índice na calidade dunha universidade.

Contrasta con todo este traballo de investigación de base a falta de apoio económico, tamén por parte da USC, xa que só unha parte do alumnado logra algunha das bolsas que ofertan o Ministerio ou a Xunta e que, mesmo se logras algunha delas, debes continuar loitando polos dereitos laborais básicos.

Cada tese que queda sen defender por falta de recursos é unha perda para o coñecemento que non se pode permitir.

✿ SECTOR: ESTUDANTADO MATRICULADO ✿

MANUEL BOROBIO SANCHIZ

Sección: Artes e Humanidades | [Agrupación electoral](#): Ningunha

IRINA FREIXEIRO AYO

Sección: Artes e Humanidades | [Agrupación electoral](#): Ningunha

MARÍA FERREIRO SUBRIDO



Sección: Ciencias e Enxeñerías | [Agrupación electoral](#): Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

Para min a importancia de facer unha tese de doutoramento non é máis que o feito de que é o primeiro paso para comezar unha carreira investigadora. A investigación, a todos os niveis e en todas as áreas do coñecemento, é importante en si mesma; non só como xeradora de cartos ou beneficios materiais inmediatos para a sociedade, senón como xeradora de coñecemento, o que nos fai críticas. Calidade que, ao meu parecer, está infravalorada.

BEATRIZ ÁLVAREZ DÍAZ

Sección: Ciencias e Enxeñerías | [Agrupación electoral](#): Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

Desde o meu punto de vista a USC é unha universidade que ten moi en conta os números, non en van eses números serven para encher titulares e incluso inflúen no financiamento da propia universidade. Sen embargo, esa preocupación non repercute positivamente ao meu parecer nin na calidade das teses nin nunha preocupación pola situación dos propios doutorandos e doutorandas.



[↩ Ir ao sumario](#)

✿ SECTOR: ESTUDANTADO MATRICULADO ✿

DAVID CHAPELA DE LA CAMPA



Sección: Ciencias e Enxeñerías | Agrupación electoral: Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

Obviamente non é así para todas as persoas, pero de cara á doutoranda creo que aporta un valor máis aló dos coñecementos específicos da temática da tese (que xa é algo positivo), pois traballas habilidades coma as de auto-organización, responsabilidade, capacidade de comprensión, redación, resumo e exposición dos teus traballos, etc. Iso si, todo isto se o doutoramento non acaba coa túa saúde mental, que é máis probable do que se pensa.

En canto á sociedade, creo que é importante ter xente especializándose en todo tipo de temáticas de investigación, pois calquera delas pode chegar a ser chave de cara a mellorar a calidade de vida das persoas, dende unha investigación en medicina, até unha en historia da arte, pasando por matemáticas ou filoloxía. Ao final a investigación non é máis que explorar todo ese espazo que descoñecemos, pode que moitos dos camiños que se sigan non cheguen a nada, pero sen investigar esas posibilidades unha cousa é segura, o coñecemento actual non vai medrar por si só.

DAVID MOSQUERA LOIS

Sección: Ciencias e Enxeñerías | Agrupación electoral: Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

SARA ILLODO BREA

Sección: Ciencias e Enxeñerías | Agrupación electoral: Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

ÁLVARO ORDÓÑEZ IGLESIAS


Sección: Ciencias e Enxeñerías | Agrupación electoral: Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

Realizar unha tese de doutoramento é levar a cabo un proxecto de investigación orixinal e, probablemente, un dos máis persoais que un investigador poida levar a cabo na súa (posible) carreira investigadora. Como toda investigación, é unha contribución de coñecemento á sociedade, de aí a importancia e responsabilidade que supón.



✿ **SECTOR: PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR** ✿

MARÍA DEL ROSARIO RODIL RODRÍGUEZ



Sección: Ciencias e Enxeñarías

Coa realización dunha tese de doutoramento acadamos o desenvolvemento de coñecementos e habilidades relacionadas cun tema de estudo (formación especializada). Ademais, aprendemos a enfrontarnos a problemas desde distintos puntos de vista, a valorar as nosas fortalezas e debilidades e a realizar unha aprendizaxe autónoma contribuíndo así ao noso desenvolvemento como persoas máis maduras e analíticas.

GERARDO PRIETO ESTÉVEZ

Sección: Ciencias e Enxeñarías

A formación de doutoramento é de suma importancia xa que habilita ao doutorando nas diferentes áreas de coñecemento que se poden presentar no desenvolvemento da súa tese. Ademais, vai coñecer dun xeito moi directo todo o relacionado coa investigación en diferentes ámbitos. Tamén proporciona unha formación transversal que poderá ser utilizada no seu futuro, sexa na ciencia ou en outros ámbitos profesionais.

A realización dunha tese vaille proporcionar ao doutorando unha visión moi ampla, ademais da temática específica da súa tese, do mundo do traballo científico e de como relacionalo co mundo laboral. Tamén no desenvolvemento da tese o doutorando adquire habilidades na xestión da información, formación metodolóxica e tamén conceptual en investigación que poderá empregar no seu futuro.



MARÍA TERESA FANEGO LEMA



Sección: Artes e Humanidades

O grao de Doutor é a máis alta titulación universitaria. Obtela é un reto que paga a pena, por variados motivos. En primeiro lugar, realizar unha tese e investigar son modos de manterse mozo, pois a investigación require contacto directo coas tecnoloxías emerxentes e as tendencias predominantes na sociedade. Ademais, a investigación desenvolve a mente crítica e permite entender como funciona o mundo. A maioría dos científicos levan a cabo traballos que aumentan o coñecemento e dan lugar a unha mellora na nosa calidade de vida. E, por último, a tese de doutoramento permite o acceso aos postos xerárquicos máis altos na carreira académica e, en moitos ámbitos profesionais, ser doutor é un mérito valorado moi positivamente.

✿ **SECTOR: PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR** ✿

MARÍA DEL CARMEN VILLARINO PARDO

Sección: Artes e Humanidades

Como profesora do programa de doutoramento em “Estudos da literatura e da cultura” e secretaría da súa CAPD desde hai varios anos que agora se incorpora ao comité de Dirección da Escola, valoro moi positivamente a existencia de unha entidade como a EDIUS que coordene todo o relativo ao doutoramento na USC e avance para unha progresiva profesionalización que atenda os desafíos e necesidades actuais do alumnado e do profesorado dos diferentes programas e atenda a dimensión internacional dos estudos de doutoramento.



JESÚS PINO MÍNGUEZ



Sección: Ciencias da saúde

O doutoramento é unha peza esencial e necesaria, pero non suficiente, para o desenvolvemento do tecido cultural e científico dunha sociedade. Comezar un programa de doutoramento é unha decisión transcendental na carreira académica de calquera persoa, asumindo que vai supoñer un esforzo considerable que pode interferir co seu traballo, afeccións, mesmo a súa vida familiar. Pero, na miña opinión, sempre vai supoñer unha aportación esencial tanto para o doutorando como para a comunidade, aínda que en moitas ocasións se pode pensar que tras este incommensurable esforzo non se obtén a recompensa esperada. Preocúpame o número de teses que se comezan e non se rematan por diversas causas: cansazo, esgotamento, desilusión, problemas económicos, persoais, etc. Tanto os directores como a Universidade deberíamos poñer os medios para que estas iniciativas dean o seu froito tentando minimizar o número de abandonos.

CARLOS ALBERTO GARCÍA GONZÁLEZ

Sección: Ciencias da saúde

A formación obtida durante o doutoramento é única para o futuro profesional do alumnado dado o seu carácter avanzado, flexible e individualizado. A realización dunha tese de doutoramento permite promover o pensamento crítico e independente dos doutorandos e avanzar cara liñas de investigación propias. Por último, a formación de doutoramento potencia as habilidades de comunicación oral e escrita de resultados nun entorno especializado e internacional.

[↩ Ir ao sumario](#)

✿ SECTOR: PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR ✿

MARÍA DEL CARMEN SÁNCHEZ CARREIRA



Sección: Ciencias Sociais e Xurídicas

A tese de doutoramento é unha das actividades máis completas que se fai na Universidade. Integra ben as funcións que a Universidade pública cumpre na sociedade. Proporciona o maior nivel de formación, xera e transmite coñecementos, divulga e transfire os resultados da investigación. A nivel institucional, supón unha aposta de futuro. Contar con persoas novas con alta cualificación permite a continuidade das funcións da Universidade. Destacaría que supón afondar nunha temática cunha mirada orixinal, curiosa, crítica e creativa nun longo proceso de aprendizaxe colaborativa. É unha das experiencias máis bonitas e intensas, que leva aparelados distintos retos e unha continua aprendizaxe.

ANA ISABEL RODRÍGUEZ VÁZQUEZ


Sección: Ciencias Sociais e Xurídicas

Entendo que a formación que se ofrece no doutoramento é imprescindible no percorrido didáctico/científico do alumnado que desenvolve unha tese. Esta formación enténdese de gran importancia para reforzar no alumnado coñecementos de gran utilidade no proceso investigador. A formación de investigadores implica distintos enfoques, tendo en conta as diferentes partes do proceso que abranguen desde a iniciática documentación ou a escritura científica propia de cada disciplina, ata a difusión dos resultados a través de publicacións especializadas. Por iso, resulta extremadamente útil aquela formación que está encamiñada a dotar ao alumnado de pautas metodolóxicas e técnicas de investigación que poden aplicar nos seus estudos. Tamén é moi necesaria a formación sobre como elaborar, presentar, defender e difundir a propia tese doutoral.



✿ SECTOR: PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS ✿

CAROLINA LÓPEZ GÓMEZ



A importancia de realizar unha tese, máis alá do traballo resultante, é que o propio proceso implica afrontar un reto que require constancia, innovación e aportación de algo orixinal que contribúa ao desenvolvemento científico e industrial, así como o enriquecemento que supón traballar de forma conxunta con investigadores experimentados.

↩ [Ir ao sumario](#)



O idioma da tese

Apróbase co Plan de Investigación, e no caso de querer modificalo, requirirase a aprobación dun novo Plan pola CAPD

O artigo 35 do **Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC** recolle varios requisitos vencellados ao idioma. Aclara que o título, resumo, introdución, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados e as conclusións da tese deben estar redactadas no idioma seleccionado, se ben pode incluír referencias, mencións, aportacións ou apéndices realizados pola doutoranda ou doutorando e/ou por outros autores no idioma no que foron publicados. O idioma de redacción da tese apróbase co Plan de Investigación, e no caso de querer modificalo, requirirase a aprobación dun novo Plan de Investigación pola CAPD.

No caso de teses con mención internacional, habería que ter en conta a lo menos o resumo e as conclusións, deberán estar redactada e defendida nunha das linguas habituais para a comunicación científica na área na que se inscriba a investigación, distinta a calquera das linguas oficiais en España agás cando as estancias, os informes e a presenza de expertos/as procedan dun centro ou institución dun país de fala hispana.

Como norma xeral, os apartados esenciais que compoñen calquera tese de doutoramento redactaranse en galego ou castelán.

Sen embargo, existen **TRES EXCEPCIÓNS**:

- i.** A tese tamén poderá ser escrita e defendida noutras linguas habituais para a comunicación científica no campo de coñecemento do traballo, sempre que a/o doutoranda/o conte coa autorización da súa CAPD, que deberá xustificar a súa pertinencia e garantir que o tribunal proposto estea en condicións de vulgar a tese no idioma correspondente. Nestes casos a tese deberá incluír un resumo en galego non inferior a 3.000 palabras.
- ii.** Se a tese inclúe, a maiores dos apartados esenciais, outros tales como referencias, mencións, aportacións ou apéndices -realizados polo/a investigador/a e/ou por outros/as autores/as, estes poderán figurar no idioma no que foron publicados aínda que sexa diferente do galego, castelán, ou do idioma autorizado.
- iii.** Nas teses por compendio de publicacións, o corpo da tese poderá estar redactado nun único idioma distinto ao da publicación incluída na mesma. Nestes traballos de investigacións é recomendable redactar a tese no mesmo idioma que as publicacións para dotala dunha maior coherencia. Cando o idioma de redacción non coincide co das publicacións, recoméndase incorporar estas publicacións como anexo á tese, no canto de incluílas no corpo da mesma.

Nas teses en cotutela, establécese o idioma no convenio que regula dita cotutela, o que obriga a que sexa determinado de antemán.

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Éxito de asistentes e poñentes no VIII Encontro da Mocidade Investigadora

A oitava edición do Encontro da Mocidade Investigadora (VIII EMI) superou todas as expectativas tanto de poñentes como de asistencia. Durante tres días (26, 27 e 28 de maio), foron programadas 135 exposicións orais e 67 pósters. As persoas que asistiron a este encontro foron arredor de 290, todas de xeito telemático por mor da Covid-19.



Representantes das persoas organizadoras do VIII_EMI xunto ao director da EDIUS, Pablo Taboaba (dereita).

Alicia Bruzos, do Programa de Doutoramento de Medicina Molecular, é unha das oito persoas que integran o Comité Organizador deste evento. Ela mesma reconece que “non esperabamos tantísima participación”, e confesa que, mentres planificaban o evento, incluso tiveron medo de que, ao ser unha edición *online*, “a xente non se animara a participar”. Sen embargo, as doutorandas e doutorandos das tres universidades galegas (USC, Universidade de Vigo e Universidade de Coruña) non quixeron perderse esta oportunidade única de coñecer e compartir as últimas novidades e avances en investigación.

A voceira da organización do VIII EMI considera que o éxito de participación deste edición debeuse a que “levamos moito tempo parados pola pandemia e á xente apetécelle volver á normalidade e participar neste tipo de encontros para divulgar a súa investigación e atopar novas vías de investigación”.

A calidade dos traballos desta oitava edición foi “increíble”, segundo Bruzos, aínda que tanto a organización como os poñentes e os asistentes botaron en falta o contacto persoal que normalmente se produce neste tipo de encontros. “Foi unha mágoa que nos descansos despois das exposicións a xente tivera que estar nas súas casas ou laboratorios no canto de debater con outros colegas”.

[↩ Ir ao sumario](#)

Alicia Bruzos destaca a necesidade de organizar estes encontros. “Son moi necesarios para coñecer o que están a facer os teus compañeiros. Moitas veces sabemos o que ocorre moi lonxe pero non o que se fai no laboratorio do lado”, afirma. Ademais, o EMI serve para abrir vías interdisciplinares de investigación.

Ao tratarse dun congreso reducido ao público da investigación galega, “os que están empezando teñen a oportunidade de presentar o seu traballo, cando facelo en congresos internacionais sería moito máis difícil. Tamén é un xeito de que perdan o medo escénico”, engade Alicia Bruzos.

Os Encontros da Mocidade Investigadora, desde o comezo, son congresos organizados polos doutorandos e doutorandas da EDIUS. O actual comité organizador fai un chamamento “aos que teñen que coller o relevo” para que se animen “porque é unha experiencia única”.

Bruzos considera unha “obriga” da comunidade científica “transmitir á sociedade en que gastamos o seu diñeiro. Que estamos a facer”. Sobre esta idea incidiron no discurso de clausura do encontro, cando a organización pediu unha reflexión conxunta “para tomar conciencia colectiva do importante que é dar a coñecer a nosa investigación a colegas de outros campos que potencialmente poden ser futuros colaboradores”.

Miembros comité organizador:

- Érika Diz Pita (PD de Matemáticas)
- David García Dios (PD de Medicina e Sanidade Veterinaria)
- Ana (PD de Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos)
- Luis (PD de Historia)
- Ally (PD de Ciencias e Tecnoloxía Química)
- Nuria (PD de Educación)
- Pablo Soto (PD de Marketing Político)
- Alicia L. Bruzos (PD de Medicina Molecular)



EDIUS NOVAS

Bolsas de mobilidade do Programa Erasmus+ KA107

A USC convoca as bolsas de mobilidade para estudos de doutoramento ao abeiro do Programa Erasmus+ International Credit Mobility (KA107) para os cursos académicos 2021/2022 e 2022/2023. A data límite para estas convocatorias é o 31 marzo de 2022, no caso das bolsas para o vindeiro curso, ou o 31 de marzo de 2023, para a seguinte convocatoria.

Neste chamamento poderá participar o alumnado que estea matriculado no segundo ano ou posteriores dalgún programa de doutoramento da USC e que teña aprobado o plan de investigación no Programa de Doutoramento. Ademais, o/a solicitante deberá contar coa autorización para realizar a mobilidade por parte da CAPD do seu Programa. A finalidade destas axudas é ofrecer ao alumnado a posibilidade de realizar estadias nas universidades participantes no Programa Erasmus+ KA107 coas que a USC ten convenio. Estas universidades están situadas en: Angola, Bosnia, Cabo Verde, China, Colombia, Xeorxia, Irán, Moldavia e Senegal.

Os/as doutorandos/as realizarán unha estadia de investigación, cun proxecto de investigación avalado polo/a seu director/a de tese. A mobilidade deberá ter unha duración mínima de 3 meses e máxima de 5, tendo que estar rematada antes do 30 de xullo de 2023.

A concesión dunha mobilidade Erasmus+ International Credit Mobility [KA107] implica automaticamente ter dereito a unha axuda económica, que vai parella á duración da mobilidade e ao país de destino. Estas contías para a mobilidade serán de 2 tipos: axuda de mantenza e axuda de viaxe.

Axuda de mantenza: 700€/mes.

Axuda á viaxe.

A axuda aboarase nun único ingreso, despois de recibir na Oficina de Mobilidade o Certificado de chegada do/a estudante á universidade de destino.

Para calcular a distancia en quilómetros dende o centro de estudos até a cidade de destino, emprégase a calculadora de distancias proposta pola Comisión Europea.

Distancias de Viaxe	Distancias de Viaxe
Entre 500 e 1.999 km	275€ por participante
Entre 2.000 e 2.999 km	360€ por participante
Entre 3.000 e 3.999 km	530€ por participante
Entre 4.000 e 4.999 km	820€ por participante
8.000 km ou máis	1.500€ por participante

[↩ Ir ao sumario](#)

PAÍS	UNIVERSIDADE SOCIA	Nº PRAZAS	IDIOMA REQUERIDO
ANGOLA	Universidade Agostinho Neto ricapitao@yahoo.com	Ciclo 2019-22 / 1x 3 meses	B1 Portugués ou B1 Inglés
BOSNIA	University of Sarajevo erasmus@unsa.ba	Ciclo 2019-22 / 1x 3 meses e 21 días Ciclo 2020-23 / 1x 5 meses	B1 Inglés
CABO VERDE	Universidade de Cabo Verde bruniguel.andrade@admin.unicv.edu.cv	Ciclo 2019-22 / 1x 3 meses Ciclo 2020-23 / 1x 5 meses	B1 Portugués ou B1 Inglés
CHINA	Yantai Academy of Agricultural Sciences jiangzhongwu@163.com	Ciclo 2019-22 / 1x 3 meses	B2 Inglés
CHINA	Ludong University davidsallywu@163.com	Ciclo 2019-22 / 1x 3 meses	B1 Inglés
COLOMBIA	Universidad Antonio Nariño coordinador.cooperacion@uan.edu.co	Ciclo 2019-22 / 1x 5 meses Ciclo 2020-23 / 1x 5 meses	B1 Español
XEORXIA	Tbilisi State Medical University nkandelaki@hotmail.com	Ciclo 2019-22 / 1x 4 meses	B2 Inglés
IRÁN	University of Tehran international@ut.ac.ir	Ciclo 2019-22 / 1x 3 meses e 9 días	B2 Inglés
MOLDAVIA	Nicolae Testemițanu State University of Medicine and Pharmacy olga.cernelev@usmf.md	Ciclo 2020-23 / 2x 5 meses	B2 Inglés
SENEGAL	Université Assane Seck de Ziguinchor edieye@univ-zig.sn	Ciclo 2019-22 / 1x 3 meses	A2 Francés (B2 Inglés recomendable)
SENEGAL	Ecole Supérieure Polytechnique aidara.ngom@esp.sn	Ciclo 2019-22 / 1x 3 meses	B1 Francés ou B1 Inglés

EDIUS NOVAS

Axudas para realizar as teses en lingua galega

A Universidade compostelá apoia ás doutorandas e doutorandos que opten por redactar a súa tese de doutoramento en galego, cun programa de axudas que contempla tanto unha subvención directa por un máximo de 400€ para os gastos de fotocopiado e encadernación do traballo, como con servizos de consulta e asesoría lingüística e terminolóxica, así como de asesoramento á corrección da tese.

Para solicitar a axuda económica, cómpre consultar a convocatoria e descargar o formulario de solicitude da subvención [na web do Servizo de Normalización Lingüística](#), e logo solicitala a través do Rexistro da Sede Electrónica da USC. O prazo remata o 31 de outubro de 2021; as persoas doutorandas que lean a súa tese con posterioridade terán que acollerse á seguinte convocatoria, a de 2022.

O Servizo de Normalización Lingüística tamén ofrece asesoramento para a defensa da tese e fornece: Cursos de habilidades comunicativas, criterios e recursos lingüísticos e bUSCatermos

Este programa de axudas da USC naceu en 1994 e conta co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Este incentivo axiña se converteu nun referente noutras universidades galegas e catalás. Desde aquela, máis de 200 doutorandos/as solicitaron estas axudas na USC, contribuíndo a estender o galego na investigación e tamén na docencia, pois existe un alto grao de fidelidade ao galego entre as persoas que presentaron a súa tese en galego unha vez que desenvolven unha carreira académica.

[↩ Ir ao sumario](#)

Convocadas as bolsas para investigacións sobre o Camiño de Santiago e as Peregrinacións

USC convoca a cuarta edición das axudas dirixidas a financiar proxectos de investigación sobre o Camiño de Santiago e as Peregrinacións.

O período de execución dos proxectos será o comprendido entre o 1/09 e o 30/11 de 2021. As axudas poderán financiar ata a totalidade dos custos marxinais do proxecto de investigación e poderán utilizarse para financiar gastos derivados da adquisición de pequenos equipamentos científico-técnicos, material bibliográfico, funxible, custo e locomoción, pagamentos pola utilización de servizos necesarios para a investigación ou gastos de publicación científica.

[➤ Amplía a nova no xornal da USC](#)

Aberta a oferta de prazas no Servizo de Residencias para o curso 2021-2022

A USC acaba de abrir o prazo para concorrer á [convocatoria](#) ordinaria de prazas de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias (SUR) para o vindeiro curso 2021-2022, que inclúe 35 prazas para alumnado de Programas de Doutoramento a tempo completo e Investigadoras/es en Formación. Ata as 14.00 horas do vindeiro 28 de xuño.

[➤ Amplía a nova no xornal da USC](#)

EDIUS NOVAS

Premio a teses sobre dereitos humanos

A Universidade Pública de Navarra vén de publicar as bases da convocatoria da edición de 2021 do Premio Jaime Brunet aos Dereitos Humanos na modalidade de Teses de Doutoramento, dotado con dous mil euros (2.000€). A data de presentación de candidaturas finaliza o 31 de outubro deste ano.

O Premio Jaime Brunet aos Dereitos Humanos entrégase desde o ano 1998 e sempre distinguiu a traxectoria “excepcional” de persoas e institucións dedicadas á defensa dos dereitos humanos.

O propio Jaime Brunet, sen embargo, mostrou interese en destacar posibles traballos de investigación encadrados nesa mesma liña. Por iso, o Padroado da Fundación acordou establecer un premio para distinguir, cada ano, Teses de Doutoramento cun contido investigador básico relacionado directamente cos dereitos humanos e a súa defensa e promoción.

Poden optar teses lidas entre o 1/09/2020 e o 30/08/2021 que obtiveran sobresaliente ou sobresaliente *cum laude*

Poderán optar a este recoñecemento as teses de doutoramento inéditas lidas en calquera universidade española entre o 1 de setembro de 2020 e o 30 de agosto de 2021, que obtiveran a cualificación de sobresaliente ou sobresaliente *cum laude*. Ao Premio Jaime Brunet poderán concorrer os traballos cun contido investigador básico relacionado directamente cos dereitos humanos e a súa defensa e promoción.

[↩ Ir ao sumario](#)

VII Xornada Universitaria Galega en Xénero

A USC será a anfitriona da VII Xornada Universitaria Galega en Xénero, organizada polas tres universidades galegas, que terá lugar os días 10 e 11 de xuño. Trátase dun encontro virtual que este ano versa sobre as *Desigualdades de xénero en tempos de COVID*, centrándose en dar visibilidade ao impacto da actual crise sanitaria, social e económica nos ámbitos da violencia de xénero e da traxectoria investigadora das mulleres; así como a importancia da aposta por unha docencia universitaria con perspectiva de xénero.

As xornadas estarán divididas en 3 áreas: Violencias contra as mulleres; mulleres, investigación e COVID; perspectiva de xénero na docencia universitaria. Realizarase unha publicación con ISBN cos traballos presentados e defendidos.

Axudas para proxectos da Embaixada de Francia

A embaixada de Francia en España ten aberta unha **convocatoria** universitaria e científica para levar a cabo proxectos de fomento da investigación vinculada ao medio ambiente, á saúde, á intelixencia artificial ou aos estudos sociais (democracia, diversidade cultural), sempre que teñan unha dimensión franco-española, e sen excluír a outros socios. O prazo permanecerá aberto até o vindeiro 14 de xuño. Poderá solicitar estas axudas calquera persoa en España, sen necesidade de estar adscrito a unha organización. Os resultados comunicaranse en xullo de 2021. Os importes outorgados non superarán os 2.000 euros por proxecto.

EDIUS **NOVAS**

Unha tese da USC sobre cibermedios, premiada pola *Sociedad Española de Periodística*

Realizada por Cruz Negreira Rey e dirixida por Xosé López García

O xurado do Premio Lorenzo Gomis 2021, convocado pola *Sociedad Española de Periodística*, vén de premiar a tese *Cibermedios locais e hiperlocais en España: mapa, modelos e produción informativa*, elaborada por María Cruz Negreira Rey e dirixida polo profesor Xosé López García.

Cruz Negreira foi alumna do Programa de Doutoramento en Comunicación e Información Contemporánea, na USC, e actualmente traballa como investigadora en formación no grupo Novos Medios e profesora do Departamento de Ciencias da Comunicación. A súa tese é un estudo dos medios de proximidade en España despois dun período de transformación motivado polos cambios tecnolóxicos, as novas formas de consumo e o impacto da crise económica no sector. A investigación de doutoramento de Cruz Negreira destaca, en opinión do xurado, porque constitúe unha ferramenta metodolóxica moi útil para seleccionar mostras específicas ou casos de estudo de interese.

A **tese**, defendida o día 26 de novembro de 2020, analiza en profundidade como “o ecosistema dos medios de proximidade sufriu unha profunda transformación derivada da crise económica e da industria mediática tradicional, que deixou múltiples áreas xeográficas sen unha cobertura informativa local. No contexto da sociedade rede, a cidadanía demanda unha información próxima e confiable, necesidade ante a cal xorden novos modelos de medios nos ámbitos local e hiperlocal. A investigación parte do mapeo e análise dos ciber-



Cruz Negreira, no seu despacho da Facultade de Ciencias da Comunicación

medios locais e hiperlocais en España. O estudo de dez casos permite analizar a produción informativa, os modelos profesionais e de negocio, e as formas de interacción cos usuarios. A través dunha enquisa aos seus promotores, abórdase o crecemento dos cibermedios hiperlocais, unha tendencia que está en auxe no panorama internacional”.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

Quinta edición das Xornadas de Resultados de Investigación en Filosofía

O 11 de xuño levarase a cabo a quinta edición das 'Xornadas de Resultados de Investigación en Filosofía', patrocinada pola Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS) e patrocinada polo Programa de Doutoramento en Filosofía.

A Sala Hipatia da Facultade de Filosofía será o escenario destas 'V Xornadas de Resultados de Investigación en Filosofía', que se desenvolverán de maneira semipresencial desde as 10:00 da mañá até as 20:15 horas do venres 11 de xuño.

Ao longo da xornada, os asistentes poderán escoitar un total de 17 comunicacións dunha duración máxima de 15 minutos, a maioría deles impartidas por estudantes do Programa do Doutoramento e de Mestrados no eido da Filosofía.

Marcelino Agís Villaverde preside o Comité Organizador destas xornadas, do que tamén forman parte M^a Luz Pintos Peñaranda (secretaria) e Rocío Carolo Tosar, Alba Iglesias Varela, M^a Iria Camacho Souto, José Luis Pastoriza Rozas e Alipio Santiago Dacosta, como vogais.

[↩ Ir ao sumario](#)

G-Night, a Noite das Persoas Investigadoras, o 24 de setembro nas sete grandes cidades galegas



Cartaz anunciador da *G-Night*.

A **Noite Europea das Persoas Investigadoras** é un evento de divulgación científica que se celebra de xeito simultáneo en cidades de toda Europa o último venres de setembro e que está a piques de chegar á súa décima edición. Santiago, Lugo, Vigo, Ourense, Pontevedra, A Coruña e Ferrol sumaranse tamén a esta iniciativa a través da *G-Night*, o evento que se desenvolverá o vindeiro 24 de setembro e que busca achegar a figura da persoa investigadora no contexto galego, así como a investigación e os seus beneficios, á sociedade en xeral, prestando especial atención ás vocacións científicas. A USC toma parte, xunto con UVigo e UDC, no consocio que impulsa a *G-Night* ou Noite Galega das Persoas Investigadoras baixo o lema *Conciencias creativas*.

 **catro
 cousas**

Os resultados:

Libro ou artigo?

(Os resultados non son representativos porque a participación na enquisa foi reducida.)

Que consideras máis importante para documentarte a fondo?




Que prefieres publicar?



Que debería valorarse máis como mérito académico?



No teu CV hai máis produción científica propia en...



 [Ir ao sumario](#)



**catro
cousas**

**Como se valoran
o doutoramento e a tese na universidade,
na sociedade e nas empresas?**

[Responder pregunta](#)



ENTREVISTA



**María Concepción
López-Fernández**

**Directora da División
de Avaliación do Pro-
fesorado, de ANECA**

Catedrática de Orga-
nización de Empresas
na Universidade de
Cantabria.

«As persoas que sexan avaliadas positivamente poderán concursar ás prazas de profesorado que oferten as universidades de toda España»

“Toda a produción científica dunha persoa pode ser sometida a avaliación, incluso a que se fixo antes de obter o doutoramento”

A docencia é unha das saídas profesionais que buscan e desexan moitas das persoas que realizan os estudos de doutoramento. Para axudarlles e guialos no proceso, púxose en marcha hai anos o Programa de Avaliación do Profesorado (PEP nas súas siglas en castelán), xestionado por ANECA, a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, que acredita para concursar nas prazas de profesorado contratado/a doutor/a nas universidades de toda España así como para ser profesor/a nunha universidade privada. Para concursar nas prazas similares nas universidades galegas tamén é válida a avaliación positiva da ACSUG, a Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego. M^a Concepción López-Fernández é a actual directora da División de Avaliación do Profesorado. Con ela falamos para desentrañar este programa e facer de guía no ilusionante camiño cara á docencia universitaria.

Que é o Programa de Avaliación do Profesorado?

É o programa que avalía o currículo dos solicitantes que queren optar

a prazas de profesor universitario contratado en calquera das súas tres categorías: profesor axudante doutor, profesor contratado doutor e profesor de universidade privada. Este programa está xestionado pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA).

Cantas solicitudes foron tramitadas o ano pasado?

É un número que está crescendo continuamente. Durante o ano 2020, recibíronse un total de 13.262 solicitudes.

Que porcentaxe é aceptado?

Depende da figura á que se opte e do comité avaliador. Poden consultarse os datos detallados de 2020 na ligazón [‘ANECA al día’](#) (nº 22) pero podó dicir que a porcentaxe media de avaliacións positivas foi do 63%.

Que utilidade ten recibir a avaliación positiva do PEP?

As/os solicitantes que sexan avaliadas/os positivamente poden concursar ás prazas que oferten as universidades de toda España. No PEP avaliamos os currículos e com-

[↩ Ir ao sumario](#)

«Na acreditación a axudante doutor, a docencia representa 9 dos 100 puntos posibles xa que se entende que acaban de finalizar a súa formación investigadora e teñen aínda pouca experiencia docente»

probamos se teñen os requisitos suficientes para presentarse a unha praza de profesor universitario. Debe quedar claro que as prazas as convocan as universidades. Nós non seleccionamos a ninguén.

Onde son válidas as acreditacións que outorga ANECA?

